

BASES DO XIV FESTIVAL DA CANCIÓN VOCACIONAL

- 1.- A canción debe ter unha mensaxe vocacional co lema **"Chamados ao amor"**. A canción non ten por que titularse así.
- 2.- A letra e a música deben de ser orixinais.
- 3.- As composicións poden ser en Galego ou en Castelán.
- 4.- Haberá dúas categorías:
 - * Infantil (ata 14 anos). Nesta categoría pode participar un adulto acompañando con algún instrumento.
 - * Xuvenil (de 15 anos en diante)
- 5.- Serán premiados os tres mellores de cada categoría.
- 6.- A instrumentación é libre.
- 7.- Ninguén pode participar en máis dun grupo.
- 8.- Cada grupo só poderá presentar unha canción.
- 9.- Tódolos concursantes deben de comunicar por escrito ou por e-mail a súa participación, adxuntando:
 - * Nome do grupo, nº de compoñentes, lugar de procedencia e nivel
 - * Nome e dirección do responsable do grupo
 - * Título da canción
 - * Copia da letra xunto cos acordes da mesma
 - * Grabación da canción (en formato CD, cassette ou mp3)

Todo isto enviarase antes do 12 de abril a:

XIV FESTIVAL DA CANCIÓN VOCACIONAL
PRAZA DO SEMINARIO, 1
27740 MONDOÑEDO (LUGO)

ou á nosa dirección de correo electrónico: pastoralv@yahoo.es

Queremos recalcar algo importante: **os grupos participantes deben vir acompañados polos seus responsables, que estarán atentos a eles e participarán xuntos en toda a Xornada de Encontro-Convivencia na que se enmarca o Festival.**

* O lema ("*Chamados ao amor*") enténdese en sentido vocacional, como unha chamada que Deus nos fai a ser comunidade de amor, a vocación ao amor sería a primixenia do propio ser humano, da muller e do home crente. En canto criaturas amadas por Deus, creadas por amor estamos chamados a repartir, espallar e ser semente do amor de Deus.